

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE OUTUBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.



Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARCIAL para vivenda sita na rúa C, 19, 1º B – Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 20/10/15 en concepto de taxa por 1ª ocupación por importe de 100 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

2.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.



Secretaría Xeral

2.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** consistente na celebración de magosto popular e verbena o día 31 de outubro de 2015 no campo da festa de Botos – Lalín.

3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

3.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para modificación da actividade de ximnasio (por cambio relativo ás características do establecemento) na rúa Otero Pedraio, 26, semisoto, Lalín.

4.- INFORME URBANÍSTICO.

4.1.- Acordouse **aprobar o informe técnico municipal** de data 24/09/15 en relación á solicitude de certificación urbanística na que conste que, como consecuencia da aprobación definitiva da modificación puntual 14.2 do PXOM, se atopa desafectado do uso público o camiño ou paso que estaba previsto na rúa B, nº 72 (na actualidade, nº 60) – Lalín , e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 23/10/2015 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

5.- EXPEDIENTES DE SELECCIÓN DE PERSOAL.

5.1.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 3 peóns de limpeza ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.2.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 2 peóns de Obras Públicas ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.3.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 2 peóns de Pintor ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.



5.4.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 1 peón soldador ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.5.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 2 peóns xardineiro ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.6.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 1 conserxe para o centro de formación ocupacional ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.7.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 1 conserxe para edificio de usos múltiples ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.


5.8.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 7 peóns de albanel ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.9.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 4 auxiliares administrativos para dependencias municipais e 1 recepcionista/auxiliar administrativo ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.10.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 2 conductores de tractor desbrozadora ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.11.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 3 auxiliares de información turística ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.12.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 1 auxiliar de biblioteca ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.



5.13.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 1 auxiliar de informática ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.14.- Acordouse a contratación como persoal laboral temporal de 1 monitor deportivo ao abeiro do IIº Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 de data 30 de outubro de 2015.

5.15.- Acordouse desestimar as reclamacións presentadas por interesada en relación á baremación dos méritos que presenta e acredita realizada polo tribunal CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 2 TITORES DE INSERCIÓN LABORAL PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2015-2016

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

6.1.- Acordouse iniciar o expediente denominado “**PATROCINIO PUBLICITARIO DA XLVIIIº FEIRA DO COCIDO DE LALÍN**” (BP012015), mediante procedemento aberto e trámite ordinario e aprobar as Bases e os seus Anexos e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

7.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

7.1.- Acordouse a devolución e cancelación do aval depositado na Tesourería Municipal pola entidade **PORTAS Y ACUÑA INMOBILIARIA, S.L**, por importe de **18.000,00 euros**, como garantía para responder da adecuada explotación dos aparcamentos e a correcta xestión do servizo durante o período de concesión do contrato administrativo de adjudicación da concesión da obra pública consistente na construción dun aparcamento no subsolo do espazo libre existente entre as rúas “Calzada”, “B”, “Pintor Laxeiro”, “Z” e “Avda. Luís González Taboada”, e subseguinte explotación.

7.2.- Acordouse a devolución e cancelación do aval depositado na Tesourería Municipal pola empresa **CONSTRUCCIONES HNOS. MILLARES BLANCO, S.L**, por importe de **3.275,69 euros**, como garantía para responder da obra “Creación dunha Sala de Actividades Musicais e Multimedia en Cercio, Lalín”.



7.3.- Acordouse a devolución e cancelación do aval depositado na Tesourería Municipal pola empresa **SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L.**, por importe de **285,41 euros**, como garantía para responder do contrato de “Sistemas”.

8.- FACTURAS E CONTAS.

10.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 30 de outubro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono as seguintes relacións de facturas: **Relación 1, 63454,04 euros, Relación 2, 105520,51 euros.**


9.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse **recoñecer a obriga** a favor de PORTAS E ACUÑA INMOBILIARIA SL por importe de 2.103.015,83 € en concepto de indemnización pola parte imputable o exercicio 2015 do acordo de anulación do contrato administrativo de adjudicación da concesión da obra pública consistente na construción dun aparcamento no subsolo do espazo libre existente entre as rúas Calzada, B, Pintor Laxeiro, Z e Avenida Luís González Taboada e subseguinte explotación.

9.2.- Acordouse traspasar á Deputación Provincial de Pontevedra o importe de 2.763,03 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recadación en vía executiva das cantidades adeudadas á Xunta de Compensación da Área de Reparto 29, porque consta na tesourería municipal unha dilixencia de embargo de calquera dereito de contido económico que teña que percibir a citada Xunta de Compensación.

9.3.- Acordouse abonar o importe de 75,87 € recadados aos usuarios do servizo en vía executiva polo ORAL á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

9.4.- Acordouse admitir a documentación presentada pola Asociación Cultural a Virxe das Dores de Lalín” como xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación Cultural Virxe das Dores de Lalín para a celebración das festas de Lalín 2015 e aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 82.255 € derivado da relación de facturas xustificativas dos gastos relacionados coa celebración das festas de Lalín 2015.



9.5.- Acordouse admitir a documentación presentada pola Asociación de Empresarios de Deza como xustificación do Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e o Centro Comercial Aberto–Asociación de Empresarios de Deza, relativa á campaña de dinamización do comercio local “Noite Branca”, aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 2.680,15 € (2.215 € sen IVE) derivado da relación de facturas xustificativas dos gastos relacionados coa celebración da Campaña Noite Branca 2015 e recoñecer a obriga a favor do beneficiario anteriormente relacionado polo importe de 2.000 €, tal como resulta da cláusula quinta do Convenio.

9.6.- Acordouse a concesión e denegación das axudas ao amparo do programa de infravivenda municipal.

9.7.- Acordouse solicitar unha subvención para o **PROGRAMA DE APOIO OS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES** por importe, para o período de 01/12/2014 ao 30/11/2015 de **52.000 €** e para o período do 01/12/2015 ao 31/03/2016 de **17.333,2 €** sendo o total do importe de **69.333,2 €**, ao abeiro das bases reguladoras e as axudas e subvencións a entidades locais da Comunidade Autónoma para a promoción da Igualdade, designar a **D^a. Teresa Rocha Blanco** para as funcións de coordinación coa Secretaría Xeral de Igualdade para o Programa CIM, financiar o custo das accións obxecto desta axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade e aprobar o convenio de colaboración relativo a agrupación do Concello de Lalín cós Concellos de Rodeiro e A Golada para a liña de subvención compartida do Programa de apoio os Cims.

9.8.- En relación coa xustificación da subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro, da Orde do 12 de xuño de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións de programas desenvolvidos polas corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para o exercicio de 2015, cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013 (DOG nº 116 do 22/06/2015), acordouse declarar que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida dita subvención e se desenvolveron as actividades relacionadas coa mesma e aprobar a conta xustificativa de dita subvención, sendo os gastos totais soportados por esta entidade imputables ás actuacións subvencionadas por importe de 22543,99 € (IVE incluído).

9.9.- Acordouse a baixa na concesión dun posto así como a devolución da taxa ingresada con data 12/08/2015 correspondente á liquidación das 4 feiras restantes do exercicio 2015, pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda,



Secretaría Xeral

espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

9.10.- Acordouse a concesión dun posto e aprobación de alta e liquidación para 4 días do 2015 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

9.11.- Acordouse aceptar a solicitude de baixa do posto núm. 54 da Praza de Abastos, e resolver o contrato asinado o día 1 de xuño de 2009.

9.12.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 10/2015.**

9.13.- Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía co número 11/2015.**

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.


10.1.- Autorízouse á **ANPA CEIP VARELA BUXÁN** a usar o Salón Teatro do Auditorio Municipal para o vindeiro 6 de novembro, en horario de 20:30 horas ata 22:30 horas, para levar a cabo unha xornada de formación para pais/nais dos asociados titulada “*La comunicación efectiva: la base para educar en la responsabilidad*”.


10.2.- Autorízouse ao Ministerio de Fomento-Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional á instalación dunha estación permanente da Rede de Acelerógrafos pertencente a Rede Sísmica Nacional no almacén municipal da antiga feira de gando.

10.3.- Autorízouse á **Asociación Cultural A Carballeira de Cercio** a utilización do Pavillón de Cercio con motivo do Ciclo Cultural os días 1, 7 e 29 de novembro de 2015.

10.4.- Autorízouse a **Unións Agrarias de Silleda** o uso da Sala Aula Magna, sita nas dependencias da UNED en Lalín para a impartición de dúas xornadas informativas, os días 12 e 13 de novembro de 2015 en horario de 16:00 a 20:00 horas e de 10:00 a 14:00 horas, respectivamente, en aras de dotar aos gandeiros dos coñecementos e ferramentas precisas para a mellora da súa explotación.

10.5.- Dáse conta do escrito remitido polo **Ministerio de Facenda e**





Lalínkmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Administracións Públicas-Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra-Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra de data 19 de outubro de 2015, número de rexistro de entrada 7104, en relación cos traballos catastrais para a incorporación de inmobles e alteracións no marco do Procedemento de Regularización Catastral en Lalín, solicitando que o Concello de Lalín dirixa á Xerencia Territorial e antes do día 6 de novembro de 2015, unha solicitude de prioridade na súa incorporación á planificación de traballos de regularización 2016.

=====

